

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Vigo para a mellora da garantía do abastecemento na zona Sur da Provincia de Pontevedra

1 Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto, é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

2 Dende hai anos, no sistema de abastecemento do encoro de Eiras para Vigo e parte da zona Sur da provincia de Pontevedra constátanse dificultades para cubrir as demandas de abastecemento de auga actuais e futuras. A dita debilidade, que xa se indicou na actualización do Plan de Abastecemento de Galicia realizado no ano 2013, actualmente vese agravada polos períodos de escaseza de choivas.

Por este motivo, as partes consideran necesario abordar a execución dunha solución a longo prazo que garanta o abastecemento á zona de Vigo e parte da zona Sur da provincia de Pontevedra, nun escenario de cambio climático que obriga a levar a cabo, de forma decidida, actuacións estruturais para garantir o abastecemento e poder afrontar situacións de seca e minimizar así calquera evento de escaseza de recurso.

3 Neste sentido, o primeiro paso a realizar debe ser un estudo das diferentes alternativas e outro de impacto ambiental, para determinar a mellor opción para solucionar os problemas que presenta o sistema de abastecemento de auga desde os encoros de Eiras e de Zamáns.

Así, o obxectivo que se pretende alcanzar con este convenio é poder garantir o almacenamento de auga necesaria para atender a demanda actual e futura de recursos hídricos para a devandita zona, tanto en cantidade como coa calidade adecuadas, cumprindo coa normativa nacional e comunitaria en materia de calidade das augas para consumo humano.

Os Concellos incluídos nesta área, Vigo, Redondela, Soutomaior, Porriño, Mos, Salceda, Moaña, Cangas, Baiona, Nigrán e Gondomar, abastécense de recursos hídricos tanto da conca Galicia- Costa (encoro de Eiras e encoro de Zamáns) como da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, o que xustifica unha actuación conxunta das tres Administracións Públicas.

4 Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e co Concello de Vigo o instrumento convencional arriba referido que resultará eficaz dende a súa inscrición no Rexistro Electrónico Estatal de Órgano e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal e publicación



no Boletín Oficial do Estado e concluirá a súa vixencia o 31.12.2021, salvo que as partes acorden de forma unánime a súa prórroga por un período de ata 4 anos adicionais.

5 O obxecto do convenio de colaboración é establecer as condicións da colaboración entre as partes para realizar un estudo de alternativas, que determine a proposta máis adecuada de mellora da regulación e almacenamento de auga, de modo que se garanta o abastecemento na zona de Vigo e a zona Sur da provincia de Pontevedra, e a partir das conclusións obtidas neste estudo, realizar o correspondente estudo de impacto ambiental.

6 O coste das actuacións obxecto do convenio ascenden a douscentos mil euros (200.000,00 €), que se financiará de conformidade coa seguinte fórmula:

- A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil achegará sesenta e seis mil seiscientos sesenta e seis euros con cincuenta céntimos (66.666,50 €).
- Augas de Galicia achegará sesenta e seis mil seiscientos sesenta e seis euros con cincuenta céntimos (66.666,50 €) con cargo ao seu programa de actuacións, investimentos e financiamento, e o gasto imputarase á conta 6299 “Outros servizos” do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia. A actuación conveniada consiste na elaboración dun estudo de alternativas e dun estudo de impacto ambiental necesarios para mellorar a regulación e o almacenamento de auga que asegure o abastecemento na zona de Vigo e na zona sur da provincia de Pontevedra. A posibilidade de que a concreción do estudo non derive en ningún tipo de obra aconsella, de acordo co principio de prudencia contable, non activar este importe e consecuentemente tratalo como gasto do exercicio.
- O Concello de Vigo achegará sesenta e seis mil seiscientos sesenta e sete euros (66.667,00 €), con cargo a aplicación orzamentaria 1610.720.00.00.

A distribución de anualidades é a que segue:

ADMINISTRACIÓN	2019	2020	TOTAL
CHMS	33.333,25 €	33.333,25 €	66.666,50 €
AUGAS DE GALICIA	33.333,25 €	33.333,25 €	66.666,50 €
CONCELLO DE VIGO	33.333,50 €	33.333,50 €	66.667,00 €
TOTAL	100.000,00 €	100.000,00 €	200.000,00 €

7 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito do abastecemento ten por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación.



O artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece que as Administracións públicas e os seus organismos públicos, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público, que deberán mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Os artigos 143 e 144 da citada Lei 40/2015, dispoñen que as Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral de acordo coas técnicas que consideren máis adecuadas. Estas relacións de cooperación, que requiren a aceptación expresa das partes, formularanse en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios nos que se preverán as condicións e compromisos que se asumen.

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido nos artigos 4 e 6 da antedita lei.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

(asinado dixitalmente)

